

ADDENDA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE LALÍN PARA AS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA CASA DE DON ÁLVARO, LALÍN (PONTEVEDRA)

Santiago de Compostela,

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D. José Crespo Iglesias, actuando en representación do concello de Lalín, en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Todas as partes teñen capacidade legal e competencia suficientes para outorgar a presente addenda e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro: que con data 14 de marzo de 2023, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en virtude do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, DOG núm. 94, do 16 de maio) e o Concello de Lalín, asinaron un convenio de colaboración co fin de establecer as bases de colaboración para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para as actuacións de conservación na casa de don Álvaro en Lalín. A vixencia do convenio quedou establecida ata o 31 de decembro de 2025 e, en todo caso, ata a finalización da intervención.

As actuacións a realizar ao abeiro do convenio asinado son as derivadas do proxecto básico e de execución (PBE) de obras de restauración da casa de don Álvaro autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Na actualidade o contrato de obras así coma o contratos de servizos de dirección de execución material (DEM) e de coordinación de seguridade e saúde en fase de execución (CSS) están pendentes de adxudicar.

Segundo: A cláusula segunda do antedito convenio establece as obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:



A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de conservación na casa de Don Álvaro en Lalín, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en función das súas dispoñibilidades económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos, en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

A cláusula terceira do antedito convenio establece as obrigas do Concello de Lalín:

Pola súa banda, o Concello de Lalín, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade.

Terceiro: O Concello de Lalín enviou mediante un escrito asinado o 8.02.2024 (Núm. de rexistro 2024/454833 do 12.02.2024) unha proposta de addenda do antedito convenio para modificar a cláusula terceira coa seguinte redacción:

Terceira.- Obrigas do concello de Lalín

Pola súa banda, o concello de Lalín, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade; así como asumir a dirección de obra con persoal municipal dado o grao de coñecemento que ten do inmovle e ao especial interese que ten o concello de Lalín na execución e seguimento das obras por ser propietario do inmovle e receptor final das mesmas.

Por iso, a addenda que se propón ten como obxecto a modificación da cláusula terceira (obrigas do Concello de Lalín).

Por todo o anterior, e de conformidade co exposto, as partes **ACORDAN** celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- Obxecto.

O obxecto da Addenda é a modificación da cláusula terceira (obrigas do Concello de Lalín).

Segunda.- Modificación do convenio.

Modifícase a cláusula terceira do convenio que queda redactada como segue:

Terceira.- Obrigas do concello de Lalín

Pola súa banda, o concello de Lalín, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso ao resto no ámbito dos terreos da súa titularidade. O Concello de Lalín tamén asumirá a dirección da obra con persoal municipal propio que dispoña da titulación requirida para esa función.

Terceira.- Réxime xurídico e vixencia.

Mantense a redacción do resto das cláusulas do convenio. Esta addenda intégrase no mesmo como parte inseparable co seu mesmo réxime xurídico e producirá efecto tras a súa firma por ambas as partes.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data expresada no encabezado.

**Pola Consellería de Cultura, Edu-
cación, Formación Profesional e
Universidades**

O alcalde de Lalín

Román Rodríguez González
Conselleiro

José Crespo Iglesias

